

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



Exp.: 19157-101

MEMORIA XUSTIFICATIVA PARA A CONTRATACIÓN POR PROCEDIMENTO ABERTO DO SERVIZO DE CATERING PARA RECEPCIÓNS E EVENTOS INSTITUCIONAIS DO CONCELLO DE VIGO.

ANTECEDENTES:

A Xunta de Goberno Local na sesión ordinaria do 14 de xullo de 2022 adoptou o acordo de aprobación do expediente 18895-101 "Contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo" por un importe total de 110.149,68 € (co iva incluído) sendo o importe do 10% de iva 10.013,61 €.

A Xunta de Goberno Local, na sesión ordinaria do 4 de agosto de 2022, adoptou o acordo de declarar desertos os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 do procedemento aberto para a contratación do servizo de catering para recepcións en eventos institucionais do Concello de Vigo (18.895-101) porque o único licitador presentado non foi admitido pola Mesa de Contratación por ter presentado a súa proposición sen encriptar (motivo de exclusión recollido na cláusula 14.2 do PCAP "A presentación de documentos non encriptados dos que puidese coñecerse o seu contido antes do correspondente acto de apertura dará lugar á non admisión do licitador").

1.- OBXECTO

O servizo de catering para as recepcións institucionais nos eventos ou actos oficiais organizados polo Concello de Vigo. Incluirá todos os servizos e subministro de materiais inherentes ao concepto de catering para cada unha das tipoloxías: produtos, preparación dos produtos, transporte, entrega, montaxe, desmonte e recollida, todos os materiais de manaxe e vaixela necesarios, incluídos aparatos para manter a comida quente, ademais do mobiliario necesario (mesas de apoio, mesas redondas, cadeiras), roupa de mesa, servizo de camareiros/as uniformados, e calquera outro material necesario

2.- LOTES:

En cumprimento do establecido no art. 99.3 da Lei 9/2017, determínase a realización por lotes das diversas tipoloxías de servizos, sendo o número de lotes SETE:

- 1) Servizo de catering para almuerzo ou "coffe break" (recesos de charlas, reunións de traballo, plenos, cursos ou calquera evento). LOTE 1

1



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 1 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



- 2) Servizo de catering para cafés, infusións para roldas de prensa. LOTE 2
- 3) Servizo de catering para aperitivo ou coctel (con doce). LOTE 3
- 4) Servizo de catering para vino español. LOTE 4
- 5) Servizo de catering para xantar ou cea. LOTE 5
- 6) Bolsa "brunch" ou almozos empaquetados para eventos informais fora de instalacións municipais. LOTE 6
- 7) Subministro de augas embotellada para actos, eventos e reunións: 10.000 unidades de 500 ml. LOTE 7

3.- XUSTIFICACIÓN DA INSUFICIENCIA DE MEDIOS NOS CONTRATOS DE SERVIZOS

O servizo de catering para as recepcións institucionais nos eventos ou actos oficiais organizados polo Concello de Vigo. Incluirá todos os servizos e subministro de materiais inherentes ao concepto de catering para cada unha das tipoloxías: produtos, preparación dos produtos, transporte, entrega, montaxe, desmonte e recollida, todos os materiais de manaxe e vaixela necesarios, incluídos aparatos para manter a comida quente, ademais do mobiliario necesario (mesas de apoio, mesas redondas, cadeiras), roupa de mesa, servizo de camareiros/as uniformados, e calquera outro material necesario

4.- PROCEDIMENTO DE ADXUDICACIÓN E FORMA DE TRAMITACIÓN

A contratación a realizar cualifícase como contrato mixto de servizos mais subministro segundo necesidades de carácter administrativo, de conformidade co o establecido nos artigos 18 e 25 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

Sendo a porcentaxe de servizos o 97,61% do contrato e a porcentaxe de subministro 2,39% do importe do contrato.

O contrato adxudicarase por procedemento aberto (artigo 156 da Lei 9/2017) mediante múltiples criterios de adxudicación obxectivos en aplicación dos artigos 131.2, 145, e 156.1 de la Lei 9/2017, conforme aos términos e requisitos establecidos en dito texto legal.

En canto a forma de tramitación será a URXENTE.

O expediente 18895-101 "Contratación por procedemento aberto do servizo de catering para recepcións e eventos institucionais do Concello de Vigo" que tiña previsto como data de inicio de contrato o 1 de agosto de 2022 foi declarado deserto para os lotes 1, 2, 3, 4, 5, 6 e 7 pola Xunta de Goberno Local con data 4 de agosto de

2



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 2 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



2022.

A data de inicio do contrato estaba fixada en base aos compromisos protocolarios do calendario de eventos institucionais organizados dende Alcaaldía. Estes compromisos en actos e eventos institucionais permanecen vixentes, e polo tanto é necesario a tramitación urxente deste expediente coa fin de darlle a oportuna cobertura.

Trátase dun contrato segundo necesidades.

A presente contratación encádrase no Anexo IV da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público.

O obxecto do contrato identifícase cos códigos CPV seguintes:

55520000-1 (servizo de subministro de comidas desde o exterior), 55400000-4 (servizos de subministro de bebidas), 15981100-9 (auga mineral sen gas)

5.- PRAZO DE EXECUCIÓN E PRÓRROGA.

Prazo de execución

O prazo de execución do contrato establécese en un 1 ano, entre o 1 de outubro de 2022 ata o 30 de setembro de 2023, establécense tres prórrogas dun ano de duración cada una.

O contrato poderá prorrogarse nas mesmas condicións que o contrato inicial.

No obstante a duración do contrato quedará condicionada á existencia de consignación orzamentaria adecuada e suficiente en cada exercicio orzamentario.

6.- PREZO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN

A determinación do prezo, orzamento base de licitación e mais do valor estimado do contrato realizouse segundo o establecido nos artigos 100, 101 e 102 da LCSP.

6.1.- Orzamento base de licitación

O orzamento máximo de licitación é de **110.149,68 €** ive engadido. Sendo o importe correspondente ao 10% de ive **10.013,61 €**

O presuposto base de licitación deste contrato determinouse considerando unha estimación dos custos de execución material da prestación, os gastos xerais e o beneficio industrial.

Para a fixación do orzamento de licitación tívose en conta os prezos dos contratos similares tramitados por este servizo nos anos 2018, 2019 e 2021 (non se tivo en

3



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 3 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



conta o ano 2020, xa que a causa da crise do Covid non celebráronse eventos), o custo que este tipo de servizos ten no seu sector profesional, así como a referencia de prezos que as empresas deste ámbito están a ofrecer.

Sendo orzamento base de licitación por LOTES os seguintes:

Prezo con iva: 110.149,68 €

Prezo sen iva: 100.136,07 €

Importe 10% iva: 10.013,61 €

Sendo orzamento base de licitación por LOTES os seguintes:

LOTE 1:

Prezo con iva: **10.540,64 €**

Prezo sen iva: **9.582,40 €**

Importe 10% iva: **958,24 €**

LOTE 2:

Prezo con iva: **13.175,80 €**

Prezo sen iva: **11.978,00 €**

Importe 10% iva: **1.197,80€**

LOTE 3:

Prezo con iva: **13.175,80 €**

Prezo sen iva: **11.978,00 €**

Importe 10% iva: **1.197,80 €**

LOTE 4:

Prezo con iva: **18.446,12 €**

Prezo sen iva: **16.769,20 €**

Importe 10% iva: **1.676,92 €**

LOTE 5:

Prezo con iva: **39.527,40 €**

Prezo sen iva: **35.934,00 €**

Importe 10% iva: **3.593,40 €**

4



ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



LOTE 6:

Prezo con iva: **12.648,76 €**

Prezo sen iva: **11.498,88 €**

Importe 10% iva: **1.149,88 €**

LOTE 7:

Prezo con iva: **2.635,16 €**

Prezo sen iva: **2.395,60 €**

Importe 10% iva: **239,56 €**

2.1.a) .-Prezos unitarios de cada un dos SETE lotes co iva incluído.

LOTE 1: Prezo unitario por persoa: 5,27 € (iva incluído).

LOTE 2: Precio unitario por persoa: 2,63 € (iva incluído).

LOTE 3: Prezo unitario por persoa 13,18 € (iva incluído)

LOTE 4: Prezo unitario por persoa 18,44 €. (iva incluído)

LOTE 5: Prezo unitario por persoa 39,52 € (iva incluído).

LOTE 6: Prezo unitario 10,54 € (iva incluído).

LOTE 7: Prezo unitario de 0,25 € (iva incluído).

6.2.- Valor estimado do contrato

O cálculo do valor estimado do contrato realizouse descontando o IVE ao orzamento base de licitación, no que se inclúen todos os conceptos relacionados no artigo 101 e 102 da Lei 9/2017.

De acordo co anterior, o valor estimado do contrato ascende a **400.544,29 euros** (anualidade máis tres anos de prorroga).

Sendo o valor estimado por lotes os seguintes:

LOTE 1: 38.329,60 €

LOTE 2: 47.912,00 €

LOTE 3: 47.912,00 €

LOTE 4: 67.076,80 €

LOTE 5: 143.736,00 €

LOTE 6: 45.995,52 €

LOTE 7: 9.582,40 €

5



ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



6.3.- Prezo do contrato

O prezo do contrato será o que resulte da adxudicación do contrato e incluírá, como partida independente o iva.

A oferta do licitador deberá ser, en todo caso, igual ou inferior ao orzamento base de licitación. En caso contrario, será excluída da licitación.

7.-REVISIÓN DE PREZOS.

Tendo en conta as características do obxecto do contrato non procede a revisión de prezos.

8.- FINANCIAMENTO DO CONTRATO E XUSTIFICACIÓN DO CUMPRIMENTO DOS PRINCIPIOS DE ESTABILIDADE ORZAMENTARIA E SUSTENTABILIDADE FINANCEIRA DO ARTIGO 7.3 DA LEI ORGÁNICA 2/2012, DE 27 DE ABRIL

O importe da licitación podería tramitarse con cargo á aplicación orzamentaria 912.0.226.01.00 (Gastos Órganos de Goberno) da Alcaldía correspondente ao exercicio 2022 ou a súa bolsa de vinculación.

O contrato non suporá desequilibrio orzamentario por atoparse contemplado o gasto no orzamento e que non afectará á sustentabilidade financeira do Concello.

O presente contrato está previsto no "Plan anual de contratación" para o ano 2022 da Alcaldía. Non existe na actualidade contrato vixente.

9.-SOLVENCIA

- Solvencia económica e financeira:

- Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios excepto que no apartado 5.B das FEC se determinen outros distintos:
- Declaración do volume anual de negocios. Considerarase con solvencia económica e financeira aos licitadores cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - Ao 70% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - Ao 70% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

6



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 6 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



- **Para as empresas de nova creación** (aquelas que teñan unha antigüidade inferior a 5 anos): se o contrato non está suxeito a regulación harmonizada, para as empresas de nova creación considerarse con solvencia económica aquelas cuxo volume anual de negocios, no ámbito do contrato, referido ao ano de maior volume de negocio dos tres últimos concluídos sexa, cando menos, igual ou superior:
 - Ao 50% do valor estimado do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, cando a súa duración non sexa superior a un ano.
 - Ao 50% da anualidade media do prezo do contrato, ou do lote correspondente, cando o contrato se licite por lotes, se a súa duración é superior a un ano.

Acreditarase por medio das contas anuais aprobadas e depositadas no Rexistro Mercantil, se o empresario estivera inscrito en dito rexistro, e no caso contrario, polas depositadas no rexistro oficial no que deba estar inscrito.

Os empresarios individuais non inscritos no Rexistro Mercantil acreditarán o seu volume anual de negocios mediante os seus libros de inventarios e contas anuais legalizados polo Rexistro Mercantil.

Documento acreditativo de posuír a clasificación alternativa prevista no apartado 5.A.

- Solvencia técnica e profesional:

Acreditarase, indistintamente, por calquera dos seguintes medios, excepto que no apartado 5.C das FEC se determinen outros distintos:

- Unha relación dos principais servizos ou traballos, de igual ou similar natureza que os que constitúan o obxecto do contrato, realizados nos últimos tres anos (entenderase que este prazo remata o último día para a presentación de ofertas) que inclúa importe, datas e o destinatario, público ou privado. Considerarase acreditada a solvencia se nalgún dos últimos tres anos acredita servizos ou traballos por importe igual ou superior ao 70% da anualidade media do prezo do contrato,

Para determinar se un servizo é de igual ou similar natureza atenderase aos tres primeiros díxitos do código CPV.

Os servizos ou traballos efectuados acreditaranse mediante certificados expedidos ou visados polo órgano competente, cando o destinatario sexa unha entidade do sector público; cando o destinatario sexa un suxeito privado, mediante un certificado expedido por este ou, a falta deste certificado, mediante unha declaración do empresario, acompañado dos documentos que consten no seu poder que acrediten a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 7 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



realización da prestación.

10.-CRITERIOS DE AVALIACIÓN E XUSTIFICACIÓN.

En cumprimento do establecido no artigo 145.1 da LCSP, a adxudicación do presente contrato realizarase utilizando unha pluralidade de criterios de adxudicación en base a unha mellor calidade-prezo que se avaliará con arranxo a criterios económicos e cualitativos utilizando un sistema de ponderación/puntuación que permita preservar a nota da mellor relación calidade-prezo.

A aplicación de mais dun criterio de adxudicación, ademais do prezo, vén determinada pola importancia que ten na execución do servizo aspectos vinculados directamente a calidade do servizo.

A) CRITERIOS AVALIABLES MEDIANTE XUÍZO DE VALOR: non se fixan

B) CRITERIOS AVALIABLES A TRAVÉS DE FÓRMULA:

LOTE 1.- SERVIZO DE CATERING PARA ALMORZO OU "COFFE BREAK" : ata 100 puntos:

1.- Redución do prezo unitario: valorarase con ata **40 puntos**.

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2.- Incremento do número mínimo de variedades de produtos (4 variedades): valorarase con ata **40 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada variedade de produto a máis sobre as 4 mínimas esixidas na cláusula 8. B. lote 1 do PPTP.

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

3.- Incremento do número mínimo de unidades de cada produto por persoa: valorarase con ata 20 puntos

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada unidade de produto a máis por persoa. Sendo o número mínimo de unidades de 1 produto por persoa (cláusula 8. B. lote 1 do PPTP).

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

8



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 8 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



LOTE 2.- SERVIZO DE CATERING PARA CAFÉS, INFUSIÓNS PARA ROLDAS DE PRENSA ata 100 puntos.

1.- Redución do prezo unitario: valorarase con ata **49 puntos**.

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2.- Incremento do número mínimo de variedades de produtos (1 produto segundo a cláusula 8. B. lote 2 do PPTP) : valorarase con ata **30 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada variedade de produto a maiores por persoa. Sendo o número mínimo de unidades, 1 produto por persoa .

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

3.- Incremento do número mínimo de unidades de cada produto por persoa: valorarase con ata **21 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 21 puntos por unha unidade de produto por persoa a maiores. Sendo o número mínimo de unidades de produto 1 (cláusula 8. B. lote 2 do PPTP).

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

LOTE 3.- SERVIZO DE CATERING PARA APERITIVO OU CÓCTEL CON DOCES ata 100 puntos.

1.- Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **30 puntos**

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2.- Incremento do número mínimo do tipo de produtos doces (3 variedades) segundo a cláusula 8. B. lote 3 do PPTP) : valorarase con ata **40 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada variedade de produto doce a mais por persoa. Sendo o mínimo esixido 3 variedades por persoa.

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

3.- Incremento do número mínimo de bocados doces por produto e por persoa (2 bocados) segundo cláusula 8. B. lote 3 do PPTP) : valorarase con ata **30 puntos**



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 9 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada unidade de bocado a mais por persoa. Sendo o número de bocados esixidos no prego 2 por persoa (cláusula 8. B. lote 3 do PPTP).

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

LOTE 4.-SERVIZO DE CATERING PARA VINO ESPAÑOL ata 100 puntos:

1.- Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **30 puntos**

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2.- Incremento do número mínimo de variedades de produtos (7 variedades segundo cláusula 8. B. lote 4 do PPTP : valorarase con ata **40 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada variedade de produto a mais por persoa. Sendo o número mínimo de variedades esixidas 7 por persoa.

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

3.- Incremento do número mínimo de bocados doces por produto e por persoa (2 bocados) segundo cláusula 8. B. lote 4 do PPTP : valorarase con ata **30 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 10 puntos por cada unidade de bocado a mais por persoa. Sendo o número mínimo de bocados mínimo por produto e por persoa 2 (cláusula 8. B. Lote 4 do PPTP).

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

LOTE 5.-SERVIZO DE CATERING PARA XANTAR OU CEA ata 100 puntos.

1.- Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **30 puntos**

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2.- Incremento do número mínimo de variedades de produtos segundo cláusula 8. B. lote 5 do PPTP : valorarase con ata **30 puntos.**

10



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 10 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



a) **Incremento do nº de unidades mínimo de entremeses varios salgados sobre o estipulado (4 unidades):** valorarase con ata **15 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 5 puntos por cada unidade de produto a mais de entremeses varios salgados. Sendo o número mínimo esixido 4 unidades (cláusula 8. B. lote 1 do PPTP). Ata un máximo de 15 puntos.

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

b) **Incremento do nº de unidades de sobremesa doce sobre o estipulado cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (3 unidades):** valorarase con ata **15 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 5 puntos por cada unidade a mais de sobremesa doce. Sendo o número mínimo de unidades de produto (bocados) por persoa 3 (cláusula 8. B. lote 5 do PPTP).

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que da as persoas convidadas unha maior cantidade de produto.

3.- Incremento do número de camareiros/as uniformados para cada mesa sobre o estipulado cláusula 8. B. lote 5 do PPTP (1 camareiro/a por mesa): valorarase con ata **40 puntos**

Para valorar este criterio outorgaranse 20 puntos camareiros/as uniformados para cada mesa a máis sobre o mínimo esixido no prego de 1 camareiro/a por mesa.

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo xa que permite unha mellor e mais rápida atencións aos convidados/as.

LOTE 6.- BOLSA "BRUNCH" OU ALMORZOS EMPAQUETADOS PARA EVENTOS INFORMAIS REALIZADOS FORA DE INSTALACIÓNS MUNICIPAIS ata 100 puntos.

1.- Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **49 puntos.**

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

2.- Incremento do número mínimo do tipo de produtos (4 tipos) segundo a cláusula 8. B. Lote 6 do PPTP : valorarase con ata **51 puntos.**

Para valorar este criterio outorgaranse 51 puntos por unha variedade de produto a



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 11 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



mais por persoa. Sendo o mínimo esixido 4 tipos de produto (cláusula 8. B. Lote 6 do PPTP).

Este criterio está directamente relacionado co obxecto do contrato e coa calidade final do servizo, xa que ofrece as persoas convidadas unha maior posibilidade de selección entre os produtos adaptados aos seus gustos.

LOTE 7.- SUBMINISTRO DE AUGA EMBOTELLADA PARA ACTOS, EVENTOS E REUNIÓN

1.- Redución do prezo unitario recollido no apartado 3.G desta FEC: valorarase con ata **100 puntos**

Para valorar este criterio utilizaranse as fórmulas previstas na cláusula 16.

Os eventuais empates resolveranse no primeiro lugar a favor das proposicións presentadas por aquelas empresas que, no momento de acreditar a súa solvencia técnica, teñan no seu persoal un número de traballadores con discapacidade superior ao imposto pola normativa vixente. Para acreditar esta circunstancia será preciso presentar os contratos de traballo e documentos de cotización á Seguridade Social dos traballadores discapacitados. Se esta circunstancia concorre en varias das empresas empatadas, terá preferencia na adxudicación do contrato o licitador que dispoña de maior porcentaxe de traballadores fixos con discapacidade.

Se continuase o empate aplicaranse o resto dos criterios de desempate regulados no artigo 147 da LCSP segundo a orde que nel se establece.

11.- OFERTAS CON VALORES ANORMAIS.

Considerarase que a proposición contén ofertas anormalmente baixas nos seguintes casos:

a) Considerarase que son ofertas anormalmente baixas aquelas nas que a baixa sobre o orzamento de licitación sexa superior ao valor resultante da suma de dez puntos porcentuais do valor da media aritmética das baixas ofertadas en valor porcentual.

As ofertas ordenaranse por orde decrecente do valor da baixa. Para o cálculo da media aritmética das baixas serán descartadas as seguintes ofertas:

- entre 3 e 5 ofertas admitidas: eliminarase só a oferta que conteña o valor máis alto.
- entre 6 e 10 ofertas admitidas: eliminaranse a oferta que conteña o valor máis alto e a que conteña o valor máis baixo.

12



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 12 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



- entre 11 e 15 ofertas admitidas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e a que conteña o valor máis baixo.
- máis de 15 ofertas: eliminaranse as dúas ofertas que conteñan o valor máis alto, aínda que o valor de baixa sexa idéntico e as dúas ofertas que conteñan o valor máis baixo.

Entre os valores de baixa en euros non descartados será calculada a media aritmética e dito valor constituirá a media aritmética das baixas ofertadas. Será calculado en valor porcentual e aplicarase con dous decimais.

12.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE COMPATIBILIDADE

No presente suposto non concorre ningún dos requisitos de incompatibilidade previstos no artigo 70 da LCSP.

13.- PRAZO DE GARANTÍA.

Dada a natureza das prestacións obxecto deste contrato non procede fixar prazo de garantía.

14.- SUBCONTRATACIÓN

O contratista poderá concertar con terceiros a realización parcial da prestación obxecto do contrato, conforme aos artigos 215 e 216 da LCSP.

Non se identifican tarefas críticas que non admitan subcontratación.

15.- MODIFICACIÓNS DO CONTRATO

Non se prevén modificacións.

16.- RESPONSABLE DO CONTRATO

Aos efectos do artigo 62 da LCSP, o seguimento e execución do contrato correspóndelle a persoa responsable do contrato que será a xefa da unidade administrativa da Alcaldía, á quen lle corresponderá supervisar a súa execución e adoptar as decisións e ditar as instrucións necesarias co fin de asegurar a correcta realización da prestación do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 13 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



17.- REFERENCIA AO RÉXIME DE PAGAMENTO

O pagamento dos servizos ou dos subministro efectuarase, unha vez realizados estes, tras a presentación de factura, que será conformada pola responsable do contrato con suxeición aos requisitos que establece na Lei 25/2013, de 27 de decembro, de Impulso da factura electrónica e creación do rexistro contable de factura no sector público, e tras a conformidade polo responsable do contrato, do seguinte xeito:

Conforme á Disposición adicional trixésima segunda da LCSP, o contratista terá a obriga de presentar a facturas correspondentes que expedise no Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado, a través da plataforma FACE- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas da Administración Xeral do Estado- <http://administracionelectronica.gob.es/ctt/face-> de conformidade co establecido na citada Lei 25/2013.

Os Códigos para a súa presentación son os seguintes:

- a) GE0000575 – Servizos Económicos
- b) L01360577 – Concello de Vigo

GE0000668 – órganos de Goberno

18.- LUGAR DE REALIZACIÓN DO SERVIZO.

O ámbito territorial do servizo obxecto de contratación constitúeo os lugares de celebración dos eventos, que realizaranse sempre dentro do término municipal de Vigo. Os lugares e tipo de servizo serán comunicados aos adxudicatarios coa antelación mínima recollida na cláusula 2 do PPTP.

19.- ASEGURAMENTO.

Procede constituír seguro específico de responsabilidade civil por un importe mínimo de 600.000 euros

20.- CONDICIÓNES ESPECIAIS DE EXECUCIÓN

De carácter medioambiental:

- Recollida selectiva de residuos.
- Uso de produtos e recursos que contén con factores como o ciclo de vida e pegada ecolóxica.
- Implantación na xestión empresarial de valores e a protección medioambiental.

As medidas a adoptar deberán ser comunicadas polo adxudicatario no prazo dun mes dende a formalización do contrato ao responsable do contrato.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 14 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

ALCALDÍA

CONCELLERÍA
DE
XESTIÓN MUNICIPAL

CONCELLO
DE
VIGO



21.- RESOLUCIÓN DO CONTRATO.

1.- A resolución do contrato rexerese polo establecido con carácter xeral nos artigos 211 a 213 da Lei 9/2017 e especificamente para o contrato de servizos no artigo 313 de devandita lei e acordarase polo órgano de contratación, de oficio ou a instancia do contratista, cos efectos previstos nos artigos 213 e 313 da mesma lei.

21.- OUTROS DEREITOS E/OU OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:

- OBRIGAS DO ADXUDICATARIO:

1. Os produtos alimenticios deberán ser frescos, dando prioridade aos produtos de temporada e de proximidade. Non poderán incluírse nos cátering produtos alimenticios de quinta gama, precociñados ou conxelados, así como os pratos ou bocados elaborados de forma industrial. En canto a sobremesa doce terán que ser de elaboración propia ou artesáns.

22.- DECLARACIÓN DE AUSENCIA DE CONFLITO DE INTERESES.

As abaixo asinantes declaran a ausencia do conflito de intereses en relación co presente expediente nos termos da resolución aprobada pola Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión Municipal do 3/3/2021, adoptada en execución do obxectivo 3.4.1 do plan operativo (Res. Concellería 17/12/2019), correspondente á liña estratéxica 3 do marco estratéxico (AXGL 12/12/2019) do Plan de Integridade na Contratación do Concello de Vigo.

LGD

Vigo a data da sinatura dixital

A Xefa da unidade administrativa da Alcaldía, Luz María González Domínguez

CONFORME,

A Concelleira delegada da Área de Contratación, Patrimonio e Xestión municipal.-
Patricia Rodríguez Calviño.



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 18/08/2022 18:31	Páxina 15 de 15
19157-101	CSV: A8A9B1-A2ED47-A725B4-NUGYP4-B77ES8-FD	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		